

ALGÚNS RECURSOS EXPRESIVOS NA DOBRAXE Ó GALEGO

Pilar Pérez Faxil

Best Digital

1.- INTRODUCCIÓN

O obxectivo da presente comunicación é contribuír ó estudio dalgúns recursos expresivos dos que habitualmente se bota man para dobrar ó galego.

Mediante o estudio dunha serie de películas dobradas intentamos facer unha pequena avaliación só dalgúns dos recursos expresivos habitualmente empregados nesta clase de producións audiovisuais de relativamente recente aparición no noso idioma. Será importante tamén avaliármola adecuación dalgúns destes recursos ós diferentes contextos, ás situacións comunicativas en que se producen, ás características dos interlocutores que aparecen nos actos de fala e ós rexistros esperables nesos actos de fala.

Aínda que a nosa intención non é facer un extenso relatorio de formas máis ou menos adecuadas ou correctas, procuraremos avanzar nunha serie de orientacións que contribúan a evita-la pobreza expresiva que ás veces se detecta nestas producións que se emiten pola TVG. Con iso procurárase autenticidade nos diálogos e tenderase a facelos máis próximos e máis cribles para os telespectadores que seleccionaron como canle o medio público.

A avaliación procuraremos facela mediante a comparación de recursos habituais empregados na dobraxe cos esperables para calquera falante en situacións comunicativas semellantes.

Entendemos que o estilo xeral do amplísimo conxunto de dobraxes que actualmente se emiten pola TVG deba basearse na realidade viva e plural de situacións comunicativas no noso idioma e nos recursos dos que botan man os falantes para establecer comunicacións eficaces. Para avanzarmos no camiño da normalización lingüística é necesario que se produza unha identificación social coa lingua empregada nos nosos medios de comunicación, e no noso caso concreto, nas dobraxes de cine e de teleseries.

Debe quedar claro, con todo, que non se pretende coa presente comunicación poñer en evidencia os erros ou os defectos máis ou menos claros cos que me atopo no meu traballo diario como técnico lingüista nunha empresa de dobraxe. Simplemente pretendo facer unha modesta contribución ó complexo labor das persoas que traducen á nosa lingua os guións orixinais, e tamén ó dos profesionais sobre os que recae a responsabilidade última do resultado final dunha dobraxe: os actores e, sobre todo, os directores de sala.

Tamén formulo esta comunicación como un primeiro paso para iniciar futuros estudos que nos axuden a todos no noso traballo.

Quedarán polo camiño moitos aspectos sen tratar, sen dúbida. É posible, tamén, que non sexan compartidos tódolos meus puntos de vista. En calquera caso, esta comunicación non quere ser máis ca unha moi pequena mostra da preocupación dunha profesional que traballa no sector da dobraxe, unha mostra incompleta pero ó mellor significativa.

Hai moi pouco traballado neste sentido, dáno-la impresión de partir case de cero e moitas veces de traballar a penas por intuicións e polo sentido que temos da lingua que usamos e na que vivimos.

Con todo, confío en que estas pequenas reflexións nos sirvan a todos como unha toma de conciencia sobre algúns problemas importantes cos que nos atopamos á hora de velar por un correcto emprego da lingua nos medios audiovisuais, tan importantes para o seu futuro e para o seu desenvolvemento. Tamén é interese noso que os galegos se sintan reflectidos na lingua que se empregue nas dobraxes, en toda a súa extensión. Só así se contribuirá a volver situa-lo noso idioma no lugar que lle corresponde nunha sociedade moderna coma a galega.

2.— RECURSOS VOCAIS E RECURSOS VERBAIS

Aínda que podemos atopar algunhas coincidencias esporádicas, os recursos expresivos vocais e os non vocais non adoitan coincidir dun idioma para outro, por moi próximos que estes idiomas sexan. Cada lingua vai configurando, ó longo da súa historia, unha serie de recursos fixos dos que bota man para apoiar con elementos significativos ou expresivos as mensaxes que emiten os seus falantes. Nuns casos atopamos recursos enfáticos; noutros, recursos que contribúen a darlle un ou outro significado a unha secuencia concreta nun acto comunicativo dado.

Se temos en conta que nas dobraxes de películas se poden producir infinitas situacións comunicativas diferentes, cumprirá que se bote man do maior número de recursos expresivos de apoio e de significación e que se reflecta a variedade propia da lingua, e tamén que se respecten as súas marxes expresivas. Cando se traducen os diálogos pensados orixinariamente noutra lingua, cómpre, por tanto, ter presentes os recursos que empregaría calquera falante en situacións semellantes e coa mesma significación.

a) A interxección “¡Oh!”

Nas producións dobradas aparece moi a miúdo case que exclusivamente esta interxección en posición inicial, normalmente para expresar distintos sentimentos ou sensacións: sorpresa, alegría, dor, indignación, etc.

Mediante o emprego de tal interxección non se producen normalmente diferenciacións de rexistros.

Sen embargo, as posibilidades de posible traducción segundo os rexistros, caracterización dos personaxes, maior ou menor gradación da intensidade do sentimento que se expresa, etc., poden ser múltiples.

Como exemplo: ¡Carafío!, ¡contra!, ¡coiro!, ¡recoiro!, ¡recontra!, ¡hóspera!, ¡como!, ¡oi!, ¡o que, ho!, ¡pero que dis!, ¡vaia!, ¡Xesús!, ¡Deus!, ¡Virxe!, etc., etc.

b) A interxección “¡Oh, non!”

Semellante á que acabamos de comentar, esta interxección vén a expresar sorpresa e contrariedade.

Aparece tamén empregada con certo nivel de abuso nas producións dobradas ó galego. Aínda que poidamos escoitar tal expresión ou algunhas outras certamente semellantes, parece evidente que nin todo o mundo a emprega, nin por suposto se emprega sempre e en toda situación comunicativa, independentemente dos condicionamentos sociais e psicolóxicos (amais doutros) que poden actuar nun proceso comunicativo.

Tamén neste caso as posibilidades de traducción, de representación nunha dobraxe, son múltiples. Tamén neste caso será conveniente atender a factores tan importantes coma os rexistros, a caracterización dos personaxes, os seus clixés lingüísticos e expresivos (se os teñen), etc.

Entre outras moitas, poderemos botar man das seguintes expresións: ¿ai si?, ¿si?, ¡veña, ho!, ¡veña, home!, ¡o que, ho!, ¡Cristo bendito!, ¡Madre de Deus!, ¡arregado sexa o demo!, ¡cómame o demo se...!, ¡xa...!, ¡si, ho!, ¡home, claro!, ¡era boa!, ¡mi madriña!, ¡miña nai!, etc.

c) A expresión “¿E ben?”

Estamos, sen dúbida, ante unha das expresións máis empregadas na dobraxe galega, sexan cales sexan os condicionamentos externos da comunicación que se estableza. Parece bastante claro que estamos ante un calco innecesario que nos chega por interferencia lingüística de determinados rexistros expresivos do castelán, e seguramente non os máis coloquiais, precisamente.

Emprégase esta fórmula, normalmente, cunha vontade de interpelación do emisor ó receptor e, sobre todo, para reclamarlle aquel a este unha resposta clara sobre algunha dúbida ou información non concluída.

En galego temos fórmulas moi habituais que non se deberían substituír por expresións coma esta que a penas parece vixente na fala:

Poderíase empregar fórmulas como: ¿E logo?, ¿e logo, que?, ¿e agora, que?, ¿e que?, ¿e que máis?, ¿e que me queres dicir?, etc.

Outros recursos expresivos vocais e verbais

Para non nos estender nunha relación interminable de fórmulas expresivas para diferentes situacións comunicativas, segundo rexistros, características dos personaxes, etc., engadimos de seguido unha relación dalgúñas posibles expresións habitualmente empregadas en actos comunicativos espontáneos entre falantes, en situacións comunicativas normais. Dentro de cada categoría pódense establecer diferentes niveis segundo os rexistros e outros factores que inciden na selección estilística que cada falante realiza sobre a lingua para mellor expresar conceptos, ideas, etc. segundo o seu propio dominio dos recursos, o interlocutor ou interlocutores ós que se dirixe, a situación na que se produce o acto comunicativo, etc.

Normalmente, segundo sexa a intensidade coa que se quere expresar unha situación desta clase, será posible xuntar nunha mesma expresión varios dos recursos que tamén poden actuar por separado.

Recursos para expresar **asentimento** e **acordo** → *¡xa!*, *¡bárbaro!*, *¡moi ben!*, *¡fantástico!*, *¡de acordo!*, *¡perfecto!*, *¡está claro!*, *¡naturalmente!*, *¡madia leva!*, *¡xaxora!*, *¡claro, claro!*, *¡si, si...!*, *¡xa cho creo!*, etc.

Recursos para expresar unha **avaliación dubidosa dalgún feito ou dalgúna situación** → *¡pois...!*, *¡e que queres que che diga!*, *¡home...!*, etc. Nesta clase de situacións pódese botar man de múltiples recursos apoiados sempre nunha suspensión da secuencia, que realmente é a que pode conferirlle á expresión un sentido de dúbida.

Recursos para expresar **aviso, prevención** ante algo... → *¡ei...!*, *¡coidadiño!*, *¡coidado!*, *¡a modo!*, *¡vai con tento!*, *¡anda con tino!*, *¡ei, ti!*, etc.

Recursos para expresar **desacordo** → *¡si, home!*, *¡si, ho!*, *¡xa!*, *¡si, xa!*, *¡e que máis?*, *¡vai parando!*, *¡quietiño!*, *¡veña, home, veña!*, *¡para un momento!*, *¡era boa!*, *¡si, home, si!*, *¡saca de aí!*, *¡mira ti!*, *¡bo!*, *¡anda, home, anda!*, etc.

Recursos para expresar **dor** → *¡ai!*, *¡oi!*, *¡uuhh!*, *¡au!*, *¡ai, non!*, etc. Normalmente toda unha amplísima gama de recursos baseados en eufemismos e interxeccións e expresións empregadas para renegar: *¡condenado...!*, *¡cago en tal...!*, *¡cago en criba!*, *¡arrebicho!*, *¡carafío!*, etc.

Recursos para expresar **dúbida** → *é que..., a cousa é que..., pois..., isto..., home..., muller..., e...*

Recursos para expresar **énfase** → *¡ai, mi madriña!*, *¡ai, mi madre!*, *¡miña nai!*, *¡a nai que me pariu!*, *¡que barbaridade!*, *¡o demo!*, *¡o demo maior!*, etc.

Recursos de **interpelación** → *¡ei!*, *¡ti!*, *¡mira!*, *¡escoita!*, *¡oes!*, *¡oiches!*, *¡mira unha cousa!*, *¡e que?*, *¡e logo?*, *¡chst, pss, ¡mira para aquí!*, *¡mira que che digo!*, *¡neno!*, *¡señor!*, etc.

Recursos para expresar **reprobación** → *¡vaia, home, vaia!*, *¡mira para aí!*, *¡oi, oi, oi!*, *¡vaia pola Virxe!*, *¡mira ti, ho!*, *¡en fin!*, *¡ai, ho!*, etc.

Recursos para expresar **sorpresa** → *¡arre, ho!*, *¡anda!*, *¡anda, ho!*, *¡ai, ho!*, *¡arredemo!*, *¡recoiro!*, *¡que dis!*, *¡cago no demo!*, *¡cómame o demo!*, *¡manda truco!*,

¡manda chover!, ¡manda nabo!. Tamén se poden empregar outras expresións interrogativas para dirixirse ó interlocutor en demanda dalgunha resposta: *¿pero como?, ¿que dis?, ¿e logo?, etc.*

En calquera das situacións que acabamos de bosquexar, só algunhas pouquiñas de entre case unha infinidade das posibles, podemos botar man constantemente de recursos baseados en simples interxeccións ou na articulación de sons sen significado léxico pero cunha innegable carga expresiva cando aparecen correctamente contextualizadas e interpretadas polos profesionais que reproducen os actos de fala: os dobradores.

É importante tamén ter en conta que a entoación cumpre unha función de primeira orde. Vemos que nalgúns casos, en situacións comunicativas diferentes, podemos empregar estruturas idénticas. En tódolos casos, pero nestes se cadra máis, a entoación cumprirá unha función significativa fundamental para que ó espectador non lle escape o verdadeiro contido da mensaxe e do acto comunicativo do que é testemuña.

3.– ALGUNHAS FORMAS CONVERSACIONAIS

Nun bo número de actos de fala, os falantes recollen fórmulas expresivas fixadas case que exclusivamente para determinadas situacións comunicativas. A esas fórmulas chamámoslles **formas conversacionais**. O feito de que en moitos casos algunhas destas formas estean fíxadas case en exclusiva para determinados actos conversacionais non quere dicir que sexan as únicas que debamos empregar; non quere dicir que sexan as únicas que un falante emprega habitualmente.

Tamén neste ámbito a dobraxe parece estar afectada polo emprego de fórmulas fixas e inmutables. Non se lle dá tampouco entrada á riqueza, á variedade expresiva que a lingua nos ofrece. Por outra banda sempre atoparemos matices posibles que poden requirilo emprego doutras formas habituais na fala, pero non habituais na dobraxe.

De seguido engadimos algúns poucos exemplos como mostra.

a) A forma “¡Ola!”

É xeral e unitaria, podemos dicir, a tendencia a traducir sistematicamente a forma “**Hello**” do inglés –ou mesmo a máis coloquial “**Hi**”–, pola forma galega “**ola**” en tódalas situacións comunicativas.

Loxicamente, non podemos dicir que non sexa unha solución correcta en moitos dos casos, pero parece claro tamén que noutras moitas ocasións igual non é a máis adecuada ou simplemente non sería a empregada por un falante nunha situación semellante.

As distintas solucións posibles dependerán das diferentes situacións comunicativas, e mesmo de cada personaxe, pero non é difícil pensarmos en formas tan habituais como: **bos días, boas tardes, boas noites**, para unha presentación de máis formalidade, por exemplo. Ou **boas, moi boas**, para saúdos de menor formalidade. Ou, xa nun nivel máis

coloquial, poderemos empregar formas como *que hai, como andamos, como vai, como estamos, ¡ei!, como a levamos...*

As posibilidades, como podemos comprobar, son moitas. Cumprirá, simplemente, insistimos, ter en conta diferentes factores como o coñecemento ou a intimidade que exista entre os personaxes, o grao de formalidade ou de familiaridade, etc.

b) A fórmula “¡Que tal!”

É outra das expresións habitualmente empregadas na dobraxe, case en exclusiva, como fórmula de presentación.

Sen entrarmos na súa condición de calco do castelán ou non, parece bastante claro que non é precisamente a expresión habitualmente empregada polos falantes sexa cal sexa a situación comunicativa en que se encontre, ou calquera outro condicionamento extralingüístico.

Desde o noso punto de vista, calquera das expresións indicadas no punto anterior sería máis recomendable có emprego desta fórmula da que tanto se abusa.

c) A fórmula “Verás”

Podemos dicir que estamos ante unha forma fixa, unha especie de comodín sen significado, do que habitualmente se bota man para as traducións na dobraxe.

Creemos que o emprego desta forma verbal como fórmula introductoria dunha oración a penas ten vixencia na fala. Seguramente estamos ante un calco expresivo do castelán.

Podemos considerar incorrecto, por tanto, este uso abusivo, e debemos lembrar que en galego existen algunhas outras fórmulas de inicio dunha conversa ou dunha oración. Serán esas fórmulas as que cumprirá empregar para que o resultado dunha dobraxe sexa o máis próximo posible á lingua empregada polos espectadores.

Procurarase, daquela, empregar fórmulas como *mira, pois mira, mira unha cousa, oíches, atende*, etc.

Ás veces a forma “*verás*” emprégase para expresar unha idea de dúbida. Nestes casos temos formas propias máis adecuadas: *é que..., pois..., pois mira..., pois e..., pois logo..., etc.*

d) A expresión “Sintoo”

Neste caso, coma nalgúns outros dentro dunha dobraxe, ó feito de estarmos ante unha expresión non moi habitual na fala debemos unirlle a característica de presenta-la concorrencia de dous “*os*” átonos finais.

Tal característica fónica, por causa dos problemas fonéticos cos que nos encontramos en moitas dobraxes, a miúdo ocasiona que formas desta clase non sexan correctamente pronunciadas.

Esta forma emprégase abusivamente en múltiples contextos e con diferentes valores expresivos: desculpa, xustificación, pesar, etc.

En galego escoitamos con moita máis frecuencia, dependendo unha vez máis de rexistros e outras condicionantes comunicativas, expresións como *síntollo (síntollo ben)*,

síntocho (síntocho ben), canto cho sinto, canto llo sinto, perdoa ou perdóame, descúl-pame ou desculpa, que pena, que peniña, que lástima, éche boa lástima.

Obsérvese como nestes casos, por razóns bastante obvias, é común o emprego do pronome de solidariedade para reforza-lo vínculo de sentimento entre os interlocutores.

Como fórmula para expresarlle a alguén a dor pola morte dun familiar temos en galego unha fórmula fixa bastante común: “*Acompáñote no sentimento*”. Curiosamente, esta expresión non a escoitamos nunca en ningunha dobraxe, pese a que non deixan de ser habituais nalgunhas películas as escenas nas que se recibe o pesar pola morte dalgún membro da familia.

e) Expresións de afectividade

A lingua galega ten un corpus extensísimo de expresións que indican afectividade en diversos graos.

A pesar diso, o corpus empregado nas dobraxes é reducidísimo. Case que se cinxe a expresións estándar da dobraxe española: *cariño, querido, ceo*.

Sería interminable unha relación das posibles formas apropiadas para expresar relacións de afecto nos seus diversos graos. Como exemplo, ocórresenos *meu rei, miña raiña, neno, nena, meu pequeno, miña pequena, miña prenda, curra, curriño, churriña, pitíño, pitiña*, etc.

Cómpre ter en conta, tamén, que nestes casos é bastante habitual o emprego dos posesivos.

Tamén nos ofrece unha riqueza expresiva sen límites o emprego do sufixo *-iño*, con este valor afectivo, moi pouco empregado, por outra parte, no conxunto das dobraxes.

f) Expresións de insulto

Aínda co risco de caricaturizar algunhas dobraxes —e esa non é a nosa intención—, atrevémonos a dicir que a penas se empregan tres ou catro insultos: *fillo de puta, cabrón, mamalón*, e, ultimamente, *monte de merda*. A estes cómpre engadir-lles o calco *bastardo*, practicamente nunca utilizado na nosa lingua.

É evidente que neste terreo se pode percibi-la necesidade dunha gradación das formas empregadas. Non é preciso recorrer sempre ás formas máis insultantes, entre outras cousas porque seguramente non é esa a intención expresiva dos guionistas da película.

Por outra parte, débese ter tamén en conta que tampouco neste caso se pode recorrer a unha tradución máis ou menos literal. É preciso buscar formas que veñan a traducir *o sentido*, a *intención* e a *intensidade* do insulto.

4.— OUTRAS FÓRMULAS EXPRESSIVAS: LOCUCIÓNS E FRASES FEITAS

Estar sen branca → calco abusivamente empregado, que substitúe expresións enxebres como *estar sen un can, non ter para mandar tocar un cego, estar sen un pataco*, etc.

Poñe-los pelos de punta → abúsase desta expresión e non se empregan nunca outras formas propias como *arrepíarselle a un o corpo*, por exemplo.

¿*Que máis dá? / Dá igual* → son expresións das que se abusa na dobraxe seguramente por interferencia do castelán. En galego temos moitísimas posibilidades para expresa-los mesmos conceptos: *tanto ten, tanto me ten, tanto che me ten, éme o mesmo, écheme o mesmo, éme igual, écheme igual, que máis ten*, etc.

Non hai de qué → esta fórmula de cortesía substitúe en moitas situacións comunicativas á máis habitual, polo menos en rexistros máis coloquiais, *de nada*.

Témome que / temo que → é unha expresión introductoria calcada do castelán e seguramente con influencia do inglés “*I’m afraid*”. En galego poderemos dicir *pégame que..., dáme o corpo que..., non sei se non...*, etc.

5.— ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

Como acabamos de ver nesta esquemática exposición, estamos ante un mundo complexo, difícil de sistematizar moitas veces, que habitualmente non ten unha presenza satisfactoria en gramáticas e dicionarios e non é preocupación primordial nos procesos de configuración da variedade estándar dunha lingua.

Neste momento non contamos neste ámbito con criterios claros de adaptación e emprego da lingua con toda a súa riqueza expresiva. Só os coñecementos que poidamos achegar á produción dos textos para a dobraxe. Tamén é verdade que seguramente non é moi posible chegar a contar con criterios moi específicos sobre estes aspectos, e que estes se irán fundamentando co paso do tempo, no resultado, máis ou menos aceptable, que vaimos conseguindo día a día. A nosa intención, con todo, é espertar a consciencia de que estamos a traballar cun material moi sensible, a lingua, que se espalla ó público por medio dunha canle cun extraordinario poder potencial: a televisión. Neste sentido, se as dobraxes non reflicten a lingua na súa variedade e na súa riqueza, acaban por ir perdendo frescura e ocasionarán no público máis rexeitamento que o entusiasmo necesario para a recuperación dos usos sociais do idioma.

Na actualidade non é difícil comprobar como as dobraxes, na súa maioría, presentan unha lingua plana, sen rexistros, e moitas veces pouco respectuosa coa realidade viva dunha fala que segue servindo de medio de comunicación para unha parte maioritaria da poboación de Galicia.

¿Por que detectamos estes problemas —entre outros non menos importantes— nas dobraxes ó galego que se emiten na TVG (e, sen dúbida, tamén noutros espazos de uso público da lingua)? Podemos citar algunhas razóns posibles:

Porque se reproducen en galego diálogos pensados noutra lingua, o castelán, ó que moitas veces se traducen os orixinais para despois poñelos en galego. Téndese por tanto

a unha traducción baseada en esquemas fixos, ou, en todo caso, en esquemas expresivos máis propios do castelán.

Porque en certa medida existe a tendencia a “condenar” o uso de todas aquelas formas que non aparecen nos dicionarios ou nas gramáticas do galego. Pero sabemos que non todo o potencial expresivo da lingua galega está recollido en dicionarios, nin nas gramáticas nin nos manuais. Non sería posible, por outra parte.

O medo ó “non correcto”, ó chamado “non normativo”. Moitas veces esquecémonos de que as *Normas morfolóxicas e ortográficas da lingua galega* son só iso: normas **morfolóxicas e ortográficas**. Pero a existencia dun estándar de referencia para a escrita non imposibilita a elaboración de textos que, dentro da corrección necesaria, presenten autenticidade e riqueza expresiva.

En último caso, a tendencia habitual en profesións novas coma a dobraxe é a de tomar como modelo a dobraxe realizada en castelán. En parte por iso tamén se recorre ó emprego dun corpus expresivo moi reducido e coincidente en moitas ocasións co da dobraxe española.

Así e todo, é preciso traballar por un produto da mellor calidade posible para as dobraxes ó galego. A súa boa calidade irase conseguindo na medida en que tódolos actuantes no proceso productivo se impliquen: tradutores, dobradores e directores, técnicos lingüistas etc.

Non deixamos de ter en conta a función normalizadora do medio, da TVG, e a necesidade de saber que aínda queda un longo camiño por percorrer.